

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 25 DE MARZO DE 2020, CONXUNTA DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, POLA QUE SE APROBAN OS PREGOS DE CONDICIÓN S AOS CALES SE DEBERÁN SUXEITAR OS APROVEITAMENTOS MADEIREIROS DAS ESPECIES RECOLLIDAS NA DISPOSICIÓN ADICIONAL TERCEIRA DA LEI 3/2007, DO 9 DE ABRIL, EN TERREOS SUXEITOS A ALGÚN RÉXIME DE PROTECCIÓN OU AFECTADOS POLA LEXISLACIÓN DE PROTECCIÓN DO DOMINIO PÚBLICO

Visto o "Proxecto de Orde pola que se modifica a Orde do 25 de marzo de 2020, conxunta da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, pola que se aproban os pregos de condicións aos cales se deberán suxeitar os aproveitamentos madeireiros das especies recollidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, en terreos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados pola lexislación de protección do dominio público", en cumprimento do disposto no art. 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, emítese o seguinte **INFORME**:

1. FINALIDADE DO PROXECTO DE ORDE

Por Orde do 25 de marzo de 2020, conxunta da Consellería do Medio Rural, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, aprobáronse os pregos de condicións aos cales se deberán suxeitar os aproveitamentos madeireiros das especies recollidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, en terreos suxeitos a algún réxime de protección ou afectados pola lexislación de protección do dominio público (DOG Núm. 64, do 1 de abril de 2020).

O prego de condicións para os terreos que conforman a zona de protección de estradas de titularidade autonómica estableceuse no ANEXO I desa Orde.

A disposición derradeira primeira da devandita Orde indica no seu apartado 2 que: "*Mediante orde da consellería competente en materia de patrimonio natural, infraestruturas ou augas*

poderanse modificar, no ámbito das súas respectivas competencias, as cláusulas dos anexos I ao III desta orde, logo de traslado, para o seu coñecemento e implementación nas ferramentas informáticas, ao órgano competente en materia forestal”.

A Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas no apartado 6 do artigo 20, modifica o artigo 40 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, polo que se varía a delimitación da zona de afección que pasa a medirse dende as liñas exteriores do dominio público. Esta modificación fai necesario actualizar o cadro contido no prego de condicións do ANEXO I da devandita Orde, denominado “información adicional. Limitacións a propiedade. Lei 8/2013 de estradas de Galicia”. Así mesmo, corríxese a redacción da condición número 7.

2. ESTRUCTURA E CONTIDO

A presente disposición modifica a redacción da condición número 7 prego de condicións que recolle o Anexo I co fin de aclarala e evitar equívocos e actualiza o cadro do esquema contido na “información adicional. Limitacións a propiedade. Lei 8/2013 de estradas de Galicia”, no final do prego de condicións do Anexo I.

3. TRAMITES REALIZADOS

A tramitación do procedemento seguiu o procedemento previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

A tramitación da orde iniciouse co acordo de inicio ditado pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade o 6 de xullo de 2021, vista a memoria xustificativa da Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas. Durante a fase inicial de tramitación foi emitido informe polo Servizo Técnico Xurídico o 31 de agosto de 2021 e posteriormente, o texto foi aprobado inicialmente como proxecto o 2 de setembro de 2021.

O proxecto de orde foi publicado no Portal de Transparencia entre o 3 e o 24 de setembro de 2021, durante o que FEARMAGA presentou escrito de alegacións no que “agradece y apoya todo cambio normativo orientado a armonizar la normativa vigente con el objetivo de clarificar y evitar inseguridades jurídicas a las empresas”.

Durante a fase intermedia, de acordo co disposto nos apartados primeiro e sétimo do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o 22 de outubro de 2018, foi solicitado informe á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que foi emitido o 8 de setembro de 2021.

O proxecto de Orde foi sometido a tramite de audiencia das Consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente, Territorio e Vivenda segundo o disposto no artigo 42.6 da mesma lei, que non presentaron alegacións.

O proxecto foi sometido ao informe da Asesoría Xurídica, que o 11 de outubro de 2021 emitiu informe favorable en relación coa legalidade e técnica normativa do proxecto.

E finalmente, antes da súa elevación ao Consello da Xunta, o proxecto deberá ser aprobado definitivamente pola conselleira.

De conformidade co anterior e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente e se cumpriron todos os tramites legais preceptivos, polo que esta Secretaria Xeral Técnica informa favorablemente o texto normativo proposto.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral Técnico

Joaquin Macho Canales